

Os humores de Madama¹

Rafa YÁÑEZ

Obviando o tempo
para danzar seductoramente
namoroume, Madama, un día,
hai anos

* * *

Madama, vostede ría en noites frías
cando era dona de suores cálidos.
Tiña un ambigú no ventre
e un sotaque sen ortografía.
Foi dona do murmurio esvaído
da súa senlleira presenza,
e rouboume unha mirada torva
para trocala polo voo de mil andoriñas sevicias.

Madama, vostede choraba en noites cálidas
cando era dona de ceos fríos.
Tiña unha bolboreta na pube
e a dozura tallada nas mans.
Foi dona da miña gaiola
máis escura e descoñecida,
e vendeume polo bico alcohólico
dunha aleivosía sen nome.

Madama, vostede ri e chora sen tino
por iso sofre en silencio a súa propia existencia.

* * *

Duplicando a figura,
para explicar sinxelamente
xeometría, reciba, Madama,
saúdos dende Roma.

¹ Composición pertencente ao poemario inédito *Alén da maré*.

